



Xosé Monteagudo recupera as figuras silenciadas de Bibiano Osorio-Tafall e Josefina Arruti

***Vémonos mañá* mestura o magnetismo dunha ficción e o asombro dunha historia real**

Monteagudo pon o foco no protagonismo feminino na retagarda do conflito bélico

G24.gal 28/04/2023

<https://www.g24.gal/-/xose-monteagudo-saca-do-esquecemento-as-figuras-de-bibiano-osorio-tafall-e-josefina-arruti>

A última novela de Xosé Monteagudo *Vémonos mañá* narra, de xeito ficcionado, a vida de dúas figuras históricas silenciadas: o político, científico e diplomático Bibiano Osorio-Tafall e a súa muller Josefina Arruti. A través das súas páxinas coñeceremos detalles da Guerra Civil e da posguerra, pero tamén de como toda aquela axitación separou a Josefina e a Bibiano.